



PREMIO SAN TELMO 2017 DO COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DE GALICIA

Actuacións finalizadas entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2016

BASES

O Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, convoca o Premio San Telmo 2017, na honra de construtor de pontes en Galicia, para a actuación en Enxeñaría Civil máis representativa de Galicia. Os méritos para obter esta distinción basearanse fundamentalmente en argumentos que resalten a calidade técnica, territorial e construtiva da actuación e que redunden na mellora da calidade de vida dos habitantes de Galicia, tanto dende o punto de vista ambiental, coma dende o punto de vista económico.

Na súa quinta edición, o premio outorgarase de acordo coas seguintes bases:

1. Poderán optar a este Premio as actuacións ou obras en Enxeñaría Civil de nova planta ou de intervención significativas en obras existentes, finalizadas entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2016, en Galicia.
2. O Premio outorgarase á actuación.
3. Poderán tomar a iniciativa para concursar a este Premio os promotores, proxectistas e construtores, así como as Institucións relacionadas coa Enxeñaría Civil en Galicia.
4. Os candidatos ao Premio deberán enviar as súas propostas á sede do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, na Praza da Milagrosa n.º 2, baixo -15008 A Coruña, non máis tarde do 31 de maio de 2017.
5. Na documentación anexa ás propostas presentadas, deberá incluírse:
 - Ficha en formato Word, na que consten todos os datos (dirección postal e electrónica, teléfono, etc.) que identifiquen a obra e os seus autores: promotor, proxectista, director de obra, xefe de obra, construtor, asistencia técnica, etc., así como o presuposto e o programa de execución.
 - Motivación da proposta en formato Word
 - Memoria de execución en formato Word, na que se recollan as características esenciais da obra.



COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DE GALICIA

- Presentación en formato Power Point, con planos, fotografías e proceso de construción no que queden reflectidos os pasos máis importantes do proxecto.
 - CD con fotografías en formato jpg. en calidade abondo para a súa publicación nas revistas do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.
 - Opcionalmente, DVD con vídeos da actuación, en formatos habituais.
 - Prisma triangular, con fotografías y textos descritores de las actuacións y su proceso de execución, segundo formato definido polo Colexio, co fin da súa instalación en exposición na rúa. Dimensións e calidades, 200x150 cm de alto, realizado en PVC espumado de 5 mm de espesor impreso directamente con tintas UV en hexacromía en resolución de 1.440x720 ppp, cortado en mesa de corte con mitra nos cantos e estrutura interior en madeira de pino con parafusos pasantes en galvanizado. O postulante deberá presentar ao Colexio a súa proposta de deseño, para a concordancia e aprobación. *O Colexio facilitará aos concursantes os enderezos do maquetador e o fabricante dos prismas, co fin de os mesmos respondan a identidade corporativa don Premio San Telmo.*
 - A documentación presentada pasará a formar parte do arquivo do Colexio.
6. O Xurado convocará a todas as candidaturas para a súa exposición, durante un tempo non superior a 20 minutos, nunha sesión única. Á conclusión de todas as exposicións, o Xurado realizará a votación sobre as candidaturas presentadas, que será secreta. A Xunta Reitora do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia adxudicará o Premio San Telmo e, no seu caso, os accésits, por proposta do Xurado.
7. O Xurado actuará colexiadamente e tomará os seus acordos por maioría de votos. Estará composto polos seguintes:
- O Decano do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia como presidente do xurado, que terá voto de calidade.
 - O Presidente da comisión de Proxectos e Obras do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia



COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DE GALICIA

- O Director da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Coruña ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Presidente da Fundación da Enxeñaría Civil de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia ou enxeñeiros de camiños, canais e portos en quen delegue.
- A Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do, Territorio da Xunta de Galicia ou enxeñeiros de camiños, canais e portos en quen delegue.
- A Conselleira de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia ou enxeñeiros de camiños, canais e portos en quen delegue.
- A Conselleira de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia ou enxeñeiros de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Xefe da Demarcación de Costas do Estado en Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Xefe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Presidente do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Presidente de Portos do Estado ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Presidente de Portos de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Secretaria Xeral de Ordenación del Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
- O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.



COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DE GALICIA

- O Director Xeral del Instituto Galego dá Vivenda e Solo da Xunta de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
 - O Director da Axencia de Infraestruturas de la Xunta de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
 - O director da Axencia para a protección da Legalidade Urbanística de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
 - O Director Xeral de Mobilidade de la Xunta de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
 - O Director do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
 - O Director Xeral de Augas ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
 - O Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
 - O Director Xeral de Administración Local de la Xunta de Galicia ou enxeñeiro de camiños, canais e portos en quen delegue.
 - Un enxeñeiro de camiños, canais e portos de recoñecido prestixio pertencente ao sector da consultaría, nomeado pola Xunta Reitora do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia.
 - Un enxeñeiro de camiños, canais e portos de recoñecido prestixio pertencente ao sector da construción, nomeados pola Xunta Reitora do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia.
 - Dous enxeñeiros de camiños, canais e portos de recoñecido prestixio, nomeados pola Xunta Reitora do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, de Galicia.
 - O resultado da votación do xurado popular, baseado na exposición na rúa, que terá o valor de un voto.
8. Actuará como Secretario o do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, con voz pero sen voto.



COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DE GALICIA

9. Corresponde ao Xurado a interpretación das presentes bases e a resolución de cantas cuestións poidan presentarse na adxudicación do Premio.
10. As decisións do Xurado serán inapelables e o Premio poderá declararse deserto.
11. O Xurado reunirase en unha ocasión para emitir o seu veredicto, que poderá incluír tamén a proposta da concesión de accésits.
12. O premio consistirá nunha placa de bronce, de 40 x 60 cm., onde figurará o escudo do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, así como o nome da Obra premiada.
13. Entregarase en acto público un diploma, acreditativo da súa participación na Obra, ás seguintes figuras:
 - Promotor
 - Director de Proxecto
 - Autor do Proxecto
 - Director da Obra
 - Xefe de Obra da Actuación
 - Empresa adxudicataria da Actuación
 - Asistencia Técnica a Dirección do Proxecto
 - Asistencia Técnica á Dirección de Obra

A solicitude dos participantes nas obras premiadas, o Colexio poderá emitir diplomas aos profesionais ou empresas, sempre que estea definida a súa participación e responsabilidade na actuación.

14. A entrega do Premio realizarase descubriendo unha placa de bronce conmemorativa, que se colocará de forma permanente nun lugar visible da obra premiada, e con a entrega dos diplomas correspondentes a esta actuación e ás meritorias de accésit.
15. A participación no Premio San Telmo comporta a aceptación destas bases.

Na Coruña, a 14 de decembro de 2016.

A Xunta Reitora do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia.